

PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA REMIP "RÍA DE CEDEIRA" 2015



INTRODUCCIÓN

1. OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do Plan de Xestión

1.2.1. Elaboración e aprobación

1.2.2. Modificación

1.3. A vixencia do Plan de Xestión

1.3.1. O órgano de xestión, seguimento e control

1.3.2. Composición e funcións

1.4. A coordinación da reserva e as súas funcións

2.. A ORDENACIÓN NA REMIP “Ría de Cedeira“

2.1. A descrición do espazo: localización, delimitación e zonificación

2.2. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos

2.3. Pesca marítima de recreo

2.4. Marisqueo a pé

2.4.1. Descrición e análise das zonas de extracción

2.4.2. Descrición das artes de marisqueo

2.4.3. Medidas de xestión por especies

2.4.3.1. Berberecho (*Cerastoderma edule*)

2.4.3.2. Cadelucha (*Donax trunculus*)

2.4.3.3. Ameixa Fina (*Ruditapes decussatus*)

2.4.3.4. Caramuxo (*Littorina littorea*)

2.4.3.5. Longueirón vello (*Solen maroginatus*), longueirón (*Ensis siliqua*)

2.5. Recursos específicos:

2.5.1. Descrición e análise das zonas de extracción:

2.5.2. Descrición das artes empregadas na extracción de recursos específicos

2.5.3. Medidas de xestión por especies:

2.5.3.1. Percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.6. Pesca de baixura :

2.6.1. Descrición e análise das zonas de extracción

2.6.2. Descrición das artes de pesca artesanal

2.6.2.1 Artes de enmalle:

2.6.2.1.1. Medidas de xestión por especies:

2.6.2.1.1.1. Centola (*Maja squinado*)

2.6.2.1.1.2. Xiba ou choco (*Sepia officinalis*)

2.6.2.1.1.3. Raia (*Raja* spp.)

2.6.2.1.1.4. Peixes planos

2.6.2.1.1.5. Peixes de rocha

2.6.2.2. Artes de anzol:

2.6.2.2.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con este arte:

2.6.2.2.1.1. Congro (*Conger conger*)

2.6.2.2.1.2. Peixes planos

2.6.2.2.1.3. Peixes de rocha

2.6.2.3. Nasas :

2.6.2.3.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con este arte:

2.6.2.3.1.1. Nécora (*Necora puber*)

2.6.2.3.1.2. Camarón (*Palaemon serratus*)

2.6.2.3.1.3 Patexo (*Polybius henslowii*)

2.6.2.3.1.4 Polbo (*Octopus vulgaris*)

2.6.3. Calendario de uso das artes de pesca permitidas.

2.6.4. Resumo das medidas de xestión para os recursos pesqueiros na Remip "Ría de Cedeira"

2.7. Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da Remip

3.. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA.

3.1. O seguimento científico

3.2. As medidas de control na reserva

3.2.1. O control das entradas e saídas

3.2.2. O control das descargas

3.2.3. O protocolo do punto de control

3.3. A vixilancia na reserva : dotación e funcións

INTRODUCCIÓN

As reservas mariñas de interese pesqueiro (Remip) constitúen unha ferramenta específica de xestión encamiñada a lograr unha explotación sustentable dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas en áreas delimitadas de caladoiros tradicionais. Evidencias científicas amosan que este tipo de áreas mariñas protexidas non son tan só poderosas ferramentas para a conservación da diversidade biolóxica salvagardando a integridade dos ecosistemas, senón que tamén ofrecen, baixo a aplicación dun axeitado deseño, xestión e control, o tan necesario pulo para as pesqueiras e a súa sustentabilidade en que deben involucrarse desde o inicio os propios pescadores coa súa participación na toma de decisións, comprometéndose non só co medio mariño, senón tamén coa administración e coa sociedade en xeral.

Neste senso están recollidas coma figuras de protección pola UICN na categoría VI “Áreas protexidas con Recursos Manexados”, e encaixan perfectamente coas recomendacións dos máximos organismos internacionais; caso da FAO.

Esta figura de protección presenta evidentes beneficios:

Amosan un incremento da biomasa de peixes: os exemplares acadan maior tamaño, o cal tradúcese nun incremento da cantidade e viabilidade das postas. Un dos seus efectos é o de recuperar a diversidade biolóxica e a estrutura de poboacións e comunidades.

Co tempo constitúense en áreas de dispersión de exemplares cara ás augas adxacentes, rexistrándose un aumento das capturas por unidade de esforzo nos límites das reservas.

Constitúen un “seguro” contra a incerteza ao brindar unha maior capacidade de predición de pesca.

O sector pesqueiro recupera e revaloriza a súa imaxe e a dos seus produtos ante os consumidores.

Concilian o desenvolvemento económico co respecto ás especies e ecosistemas mediante unha explotación razoable dos recursos mariños e pesqueiros.

A idea do establecemento dunha área mariña protexida como ferramenta de cambio cara a unha pesca sostible e de calidade, naceu coa participación da Confraría de Cedeira no Proxecto Serea (2006-2008), cofinanciado polo Fondo Social Europeo en virtude do artigo 6: “Enfoques innovadores na Xestión do Cambio”. “Ría de Cedeira” é a segunda REMIP de Galicia e está integrada no LIC Costa Ártabra da Rede Natura 2000.

Facendo balance observamos a progresión positiva da evolución dos principais recursos pesqueiros, cun incremento tanto nas capturas como nos seus tamaños en algunhas das especies clave das nosas pesqueiras; grazas a unha pesca sostible e responsable, unha pesca selectiva, que non produce descartes, non causa danos ós ecosistemas mariños, contribuíndo á xestión sostible e integral das zonas costeiras, proporcionando valor engadido ás actividades relacionadas coa pesca e promovendo a diversificación.

O cambio da tradicional xestión dos recursos pesqueiros, no que as decisións se tomaban “arriba” sen contar coa opinión dos propios actores a un sistema de COXESTIÓN foi fundamental. Os profesionais da pesca reúnen, comentan os seus hábitos de pesca, identifican as boas e malas prácticas, os beneficios obtidos derivados da súa xestión e comprométese cá súa actividade. Nas súas propostas para o plan de xestión anual

demonstran un alto grado de responsabilidade e compromiso: establecendo novas zonas de veda para cría de especies e aumentando as tallas mínimas de captura, nalgúns casos ata do 100% . Neste proceso foi fundamental o desexo de preservar un espazo natural de riqueza pesqueira ancestral que estaba vendo como, pouco a pouco, diminuía a súa capacidade produtiva e a idea de coidar e protexer o mar do que vivimos para que tamén poidan vivir del os nosos fillos.

A creación da Remip "Ría de Cedeira" foi o impulso que os gobernantes locais necesitaban para a definitiva construción e posta en marcha da depuradora de augas residuais; feito que indubidablemente supuxo unha mellora na calidade das augas e polo tanto nas zonas de pesca e que se demostra no paso de zona clasificada como B a zona A e de zona C a B estable para a produción de moluscos bivalvos. Todo isto, impulsou o nacemento de asociacións culturais e deportivas que organizan numerosas actividades para nenos e adultos sempre relacionadas coa reserva mariña: actividades de pesca deportiva sostible, deportes náuticos e visitas guiadas.

Coa creación desta reserva, Galicia segue no camiño de fomentar a protección do medio ambiente e dos recursos naturais, así como de promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas marítimas, lacustres e costeiras onde se exercen actividades de pesca e marisqueo, en concordancia cós obxectivos definidos polo Fondo Europeo de Pesca, hoxe en día Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, así como coa Política Pesqueira Común.

Cabe dicir que é cedo para poder avaliar o efecto reserva con rigor pero os indicadores analizadas van na dirección axeitada polo que se aconsella non modificar demasiado o Plan respecto de anos anteriores para seguir no camiño correcto.

1. OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

As actividades pesqueiras e marisqueiras que se levan a cabo no ámbito da Remip "Ría de Cedeira", desenvólvense no marco do presente Plan de Xestión Integral (PXI), no que quedan recollidas as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e das zonas dentro da reserva.

Coa elaboración e posta en marcha deste plan preténdese chegar a unha serie de obxectivos concretos:

1. Protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros;
2. Impulsar a pesca artesanal e o marisqueo a través de medidas encamiñadas a acadar unhas actividades profesionais responsables e sustentables;
3. Conservar e protexer a flora e fauna do medio mariño e a súa diversidade;
4. Fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño;
5. Divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega;
6. Favorecer os estudos científicos sobre as distintas especies e sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras;
7. Posibilitar e favorecer o desenvolvemento e a aplicación de modelos de xestión pesqueira coa participación dos profesionais da pesca e do marisqueo.

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do PXI

1.2.1. Elaboración e aprobación

O PXI deberá ser presentado cunha anticipación mínima de tres meses á finalización do PXI anterior.

1º. Este PXI xorde dun documento-proposta inicial elaborado polos socios da confraría de pescadores de Cedeira para comentario público, e con base nas reunións mantidas cos distintos sectores produtivos cuxas actividades desenvolvéronse habitualmente no ámbito da reserva "Ría de Cedeira" durante 2014.

2º. A consulta do documento cos usuarios da reserva fíxose mediante convocatoria, da coordinación da Remip, de asembleas dos distintos sectores de produción, de todos os usuarios. (anexo V).

3º. A coordinación da reserva envía ao órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco) a proposta do PXI.

O 24/09/2014, a asistencia técnica enviou por correo certificado dúas copias da proposta do PXI; unha á Secretaría Xeral do Mar e outra á Dirección de Desenvolvemento Pesqueiro.

4º. O presidente do Oxesco convoca ao órgano para debater o PXI. O Oxesco reúne e á vista dos informes técnicos e tralas deliberacións oportunas emite informe sobre a proposta presentada.

5º. O Oxesco remite informe á Secretaría Xeral do Mar.

6º A Secretaría Xeral do Mar aproba o plan de xestión.

7º. Unha vez aprobado, daráselle publicidade ao PXI para coñecemento dos usuarios e da cidadanía.

1.2.2. Modificación

Toda proposta de modificación deste plan deberá trasladarse ao Oxesco, cuxos membros, unha vez informados, poderán solicitar a convocatoria do órgano, se así o consideran pola transcendencia da modificación proposta.

Así, como regra xeral:

1º. Remisión das propostas de modificación á coordinación da Remip.

2º. A coordinación da reserva remitirá ditas propostas, xunto coa valoración do seguimento científico, á secretaría do Oxesco.

3º. A secretaría do Oxesco enviará as propostas aos diferentes membros do órgano.

4º. Os vogais do órgano remitirán a súa contestación á secretaría do Oxesco, que as fará chegar á Secretaría Xeral do Mar para que se dite a resolución que corresponda, de ser o caso, ou se convoque ao Oxesco.

1.3. A vixencia do PXI

O PXI terá vixencia anual, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015.

A súa renovación será discutida na convocatoria ordinaria do Oxesco que coincida co final do período de vixencia do plan en curso, podéndose prorrogar automaticamente, de ser o caso, ata a seguinte convocatoria do órgano.

Cando non exista ningunha proposta presentada, a Secretaría Xeral do Mar poderá aprobar de oficio, logo do informe do Oxesco, un plan de xestión integral.

1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco)

1.4.1. Composición e Funcións

A súa composición e funcións son as recollidas no artigo 10º do Decreto 28/2009 do 29 de xaneiro polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira; así como no artigo 2º da Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

Estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca, que procurará unha participación equilibrada de homes e mulleres: tres en representación da consellería competente en materia de pesca, un en representación da consellería competente en materia de medio ambiente, tres en representación da confraría de Pescadores de Cedeira e un en representación do sector pesqueiro por proposta da Federación Galega de Confrarías.

A consellería competente en materia de pesca designará a presidencia e a secretaría do Oxesco entre os representantes da administración.

O Oxesco poderá incorporar ás súas reunións persoal asesor para informe e debate dos asuntos que se consideren oportunos.

1.5. A coordinación da reserva e as súas funcións

Á coordinación correspóndelle á confraría de pescadores de Cedeira, que é a responsable de organizar o traballo diario dos equipos de seguimento científico, de vixilancia e de control de todas as actividades que se desenvolvan no ámbito da reserva. Ademais, ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Colaborar coa subdirección xeral de Gardacostas na coordinación do seguimento e control na área da reserva;
- b) Elaborar e presentar o PXI, que se fará conforme ao establecido na normativa reguladora e ás instrucións que poidan ditar ao respecto tanto a Consellería do Medio Rural e do Mar como o Oxesco;
- c) Elaborar o informe anual sobre a Remip, para que, unha vez informado polo Oxesco, sexa difundido ao sector, institucións e entidades interesadas para o seu coñecemento;
- d) Prestar asistencia técnica nas reunións do Oxesco da reserva.
- e) Garantir a recollida e envío de mostraxes relativas ao estado sanitario das augas e especies marisqueiras ao Intecmar;
- f) Asegurar o correcto funcionamento dos diferentes puntos de control .

No caso dos recursos para os que existan plans de explotación aprobados, xestionaranse baixo as condicións establecidas neles.


2. A ORDENACIÓN NA REMIP “ RIA DE CEDEIRA “

2.1. A descrición do espazo : localización , delimitación e zonificación.

A ría de Cedeira está situada ao norte da provincia da Coruña, bañada polo Océano Atlántico e a poucos quilómetros do cabo Ortegal, que marca o límite co mar Cantábrico. Se ben é unha das máis pequenas de Galicia en extensión, a súa biodiversidade e riqueza tanto paisaxística como ecolóxica, fana un enclave especial para gran cantidade de especies acuáticas polo que a confraría de pescadores de Cedeira, tras determinar a súa idoneidade mediante estudos pesqueiros, ecolóxicos, propuxo que se lle outorgase un marco de protección dirixido ao interese pesqueiro.

A Remip “Ría de Cedeira”, que comprende augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, queda delimitada pola liña da preamar máxima viva equinoccial e pola liña recta imaxinaria que marca a boca da ría, e que une O Ensebadoiro e a punta de terra da Chirlateira . Ten unha superficie total de 744.2 hectáreas e o seu límite , na zona da boca da ría , ven determinado polas seguintes coordenadas DATUM WGS - 84:

	Latitude	Lonxitude
O Ensebadoiro	43 40.815´	08 04.518´
Pta. de Terra da Chirlateira	43 39.958´	08 05.413´



O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, de creación da reserva recolle nos seus artigos 2º e 3º os límites tanto da Remip como das zonas especiais (ZEP I, ZEP II e reserva integral de Esteiro).

Dentro do ámbito da reserva identificáronse unhas zonas que, polas súas características ecolóxicas e a súa relevancia de cara á consecución dos obxectivos da creación desta área protexida, requiren unha maior protección; así, existen tres zonas diferenciadas con fortes restricións nas actividades a desenvolver nelas:

1. Reserva Integral de Esteiro (46.90 Ha): área marítima delimitada pola recta poligonal definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

Latitude	Lonxitude
43 38.390'	08 04.097'
43 38.162'	08 03.871'
43 38.163'	08 03.519'
43 38.314'	08 03.491'
43 38.472'	08 03.965'

2. ZEP I – Vilarrube (40.30 Ha): zona limitada ao sur pola liña da baixamar escorada e ao norte pola liña imaxinaria que une punta Robaleira có Forno, definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

	Latitude	Lonxitude
Punta Robaleira	43 39.057'	08 04.223'
O Forno	43 39.125'	08 04.928'

3 ZEP-II – Boca da Ría (144.30 Ha): área marítima delimitada polas liñas imaxinarias que unen entre si ao sur a punta Castrelo e punta Folgoso e ao norte punta de terra de Chirlateira e O Ensebadoiro, e definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

		Latitude	Lonxitude
Límite sur	Pta.Castrelo	43 39.731'	08 05.224'
	Pta.Folgoso	43 40.086'	08 04.513'
Límite norte	Chirlateira	43 39.958'	08 05.413'
	O Ensebadoiro	43 40.815'	08 04.518'

4 A Zanqueira (3.748,77 m²): área mariña situada fronte ao edificio : “Casa do pescador” camiño ao peirao pesqueiro e delimitada polas coordenadas:

W 8º3,814' N 43º 39,474 (Muro)
W 8º3,739' N 43º 39,483 (Interior Rampla)
W 8º3,731' N 43º 39,464 (Exterior Rampla)
W 8º3,800' N 43º 39,451 (Zona mar fronte a rampla)
W 8º3,802' N 43º 39,465 (Zona mar fronte a Peixeira)
W 8º3,803' N 43º 39,472 (A Peixeira)



LIMITES E SUPERFICIE DA ZONA DE "A ZANQUEIRA"

2.2 Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos

As condicións de acceso á reserva están recollidas no artigo 8º do Decreto 28/2009, no cal se establece que poderán exercer a pesca marítima profesional no ámbito da reserva as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1.5 GT.

Esta limitación non se aplica ás embarcacións habilitadas para a captura do percebe, que poderán extraer este recurso nas zonas autorizadas ; e ás embarcacións despachadas con artes de anzol que poderán extraer patexo (*Polybius henslowii*) con nasas, nas zonas autorizadas para o seu emprego como engado vivo.

O Decreto 28/2009 recolle nos seus artigos 5º e 6º as actividades permitidas así como a limitación de usos en cada zona.

Na **Reserva Integral de Esteiro** queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostrás autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Nas **zonas de especial protección ZEP-I e ZEP-II** queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coas seguintes excepcións:

- A extracción de percebe dentro da ZEP-II Boca da ría;
- O mergullo de lecer dentro da ZEP-II Boca da ría;
- As actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo do informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Coa resolución do 27 de novembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños , pola que se ditan as medidas de xestión para o ámbito da Remip quedou excluído o emprego de artes de enmalle na ZEP-II-Boca da ría e na ZEP-I-Vilarrube .

Coa entrada en vigor deste Plan de Xestión Integral, na **zona da Zanqueira**, queda prohibida a práctica da pesca marítima desde embarcación, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

2.3 Pesca marítima de recreo e o mergullo de lecer

Segundo a Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 , do 3 de decembro , de pesca de Galicia, defínese a pesca marítima de recreo como aquela que se practica por entretemento, deporte ou afección, sen ánimo de lucro, en perfecta harmonía e respecto có exercicio da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola profesional.

Na antedita lei, establécense as seguintes **modalidades** de pesca recreativa:

- a) pesca desde embarcación da sétima lista;
- b) pesca desde terra en superficie;
- c) pesca submariña: prohibida en toda a Remip "Ría de Cedeira";
- d) pesca desde embarcación da sexta lista, incluídas as distintas modalidades de pesca de alugamento.

Non se poderá realizar ningunha destas modalidades de pesca a menos de 250 metros das artes de pesca e das embarcacións adicadas a calquera clase de pesca profesional, nas zonas portuarias nin nas canles de navegación, a menos de 250 metros das praias cando estean frecuentadas por bañistas, así como nas zonas de litoral prohibidas mediante orde da Consellería do Medio Rural e do Mar.

O **período autorizado** abrangue todos os días do ano.

O **horario** será diúrno, comprendido entre o orto e o ocaso no caso da **pesca desde embarcación**.

As **artes** e útiles a utilizar por licenza serán as descritas a continuación: dúas canas ou sedais cun máximo de 6 anzois, dúas poteiras, dúas garabetas e un gancho, podendo utilizar como arte auxiliar un trueiro.

Esta licenza só habilita para a **captura de cefalópodos e peixes**, agás a anguía, quedando prohibido a pesca de salmóns e reos nas rías e augas interiores da comunidade autónoma de Galicia.

Poderanse capturar **un máximo de cinco quilos por licenza e día**, podendo non computarse o peso dunha soa peza que exceda do tope establecido, cun tope por embarcación e día de 16 Kg se son máis de tres as persoas embarcadas titulares de licenza. No caso do polbo, o límite será dúas pezas por pescador e día.

Para utilizar como **cebo**, poderase capturar diariamente por licenza , ata un total de 50 poliquetos, 40 cangrexos (*Pachygrapsus marmoratus* e *Carcinus maenas*), 200 g de pulgas de mar e 100 g de camaróns e quisquillas (quedando prohibida a captura do camarón común (*Palaemon serratus*)).

Segundo a Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999 do 17 de Xuño de 1999 polo que se regula a pesca marítima de recreo; existen unha serie de **prohibicións** que todos os propietarios dunha licenza de pesca marítima de recreo deben coñecer e respectar:

- A utilización de artes , aparellos e útiles distintos dos arriba indicados.
- A utilización de substancias tóxicas, narcóticas, velenosas... que contaminen o medio mariño.
- O emprego de luces e equipos eléctricos que sirvan de atracción para a pesca.
- A captura, a tenza e o desembarco de especies prohibidas, vedadas ou de tamaño ou peso inferior ao regulamentario , que deberán ser devoltas decontado ao mar .
- A pesca, almacenamento, transporte, transbordo ou descarga dunha cantidade superior aos topes máximos de capturas sinalados anteriormente, aínda que correspondan a varios días continuos de navegación.
- Obstaculizar ou interferir as faenas de pesca marítima profesional, marisqueira ou acuícola.

No ámbito da reserva, a pesca marítima de recreo levarase a cabo respectando todas as normas e prohibicións establecidas para o resto da Comunidade Autónoma de Galicia, coas seguintes excepcións:

a) Queda prohibida a realización desta práctica tanto na reserva integral de Esteiro como nas ZEP I, ZEP II e na Zanqueira; permitíndose unicamente na Zanqueira a pesca con cana desde superficie.

b) Queda prohibida a práctica de pesca submariña na totalidade do ámbito da reserva.


c) Queda prohibida a práctica de pesca con cana utilizando engado (macizado) como cebo na totalidade do ámbito da reserva.

d) Queda prohibida a pesca marítima desde embarcación desde o límite norte da ZEP I ata a liña de preamar máxima viva equinoccial da praia de Vilarrube, incluíndo as Enseadas de Esteiro e Pantín.

e) Queda prohibida a pesca con cana durante todos os días do ano no período comprendido entre dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar tanto diúrna como nocturna, desde o límite sur da ZEP I, ata o límite da zona da reserva integral de esteiro e en toda a Enseada de Pantín.

Permítese a recolección de poliquetos, cangrexos, camaróns, quisquillas e pulgas de mar para a súa utilización como cebo vivo nas áreas delimitadas a continuación:

- Na praia da Magdalena de Cedeira : da “Ponte Vella” cara ao nacemento do río Condomiñas e da “praia da Fábrica” ata a antiga cetárea.
- Na Enseada de Esteiro : desde a liña que une punta Campelo con Landeira e cara ao nacemento do río das Mestas.
- Na Enseada de Pantín: desde o “Cemiterio dos Barcos” cara ao nacemento do río das Ferrerías.



Permítese o mergullo de lecer (previa comunicación á Coordinación da reserva) en todo o ámbito da mesma agás na Zaqueira e en toda a superficie que abrangue dende o límite norte da ZEP I ata a liña de preamar máxima escorada da praia de Vilarrube, incluíndo as enseadas de Pantín e de Esteiro.

2.4 Marisqueo a pé

2.4.1. Descrición e análise das zonas de extracción:

A ría de Cedeira está formada por dous lóbulos separados pola punta Robaleira. Na marxe dereita atópase o areal da Magdalena (banco natural de berberecho) e na marxe esquerda a praia de Loira ou Vilarrube (banco natural de cadelucha) que protexe dos temporais oceánicos ás enseadas de Pantín e Esteiro (autorizacións administrativas para berberecho, bígaro e ameixa fina) onde se atopa a reserva integral.

A) A praia da Magdalena (CL-097)

Atópase ao fondo da ría de Cedeira na súa marxe dereita encaixada entre bordes rochosos, cunha extensión de 300.000m².

Neste areal existe un banco natural de berberecho que é a especie principal, aparecendo, como especies acompañantes, o bígaro (caramuxo) e o longueirón vello. A superficie produtiva do banco é de preto de 280.000 m² non existindo zonificación na súa explotación.

B) A praia de Loira ou Vilarrube (CL-096)

Orientada cara ao norte, en dirección á boca da ría. É un banco areoso de pendente moderada e carácter oceánico. Está limitada nos seus extremos esquerdo e dereito polas canles de desaugue das enseadas de Pantín e de Esteiro respectivamente, e recibe directamente a acción dos temporais, polo que é frecuente a aparición de "ripple - marks" (suaves ondulacións na capa superficial da area debidas á ondaxe).

Nesta praia trabállase un banco natural de cadelucha, non existindo especies acompañantes de interese comercial.

A superficie produtiva do banco é de preto de 360.000 m² non existindo zonificación na explotación deste.


C) As enseadas de Pantín e Esteiro (CL-053 e CL-048)

As enseadas atópanse protexidas dos temporais por unha barra areosa cuxo fronte oceánico é a praia de Vilarrube, realizándose a comunicación por unhas estreitas canles a ambos lados da praia. Son enseadas de pouca profundidade, con pouco declive e unha zona intermareal grande. A maior parte da zona de marisma cóbrese só nas mareas vivas. A división das dúas enseadas está configurada por unha lingua areosa en forma de "T" cun conxunto dunar amplamente estabilizado e colonizado que durante os últimos anos

está a sufrir un retroceso, tanto cara ao sur, como nos seus extremos leste e oeste, co conseguinte estreitamento das canles de desaugue.

As dúas enseadas, cunha superficie produtiva total que se achega ós 7.500 m² (5.500 m² en Esteiro e 2.000 m² en Pantín), son zonas de autorización marisqueira e teñen como especies obxecto a ameixa fina o bígaro e o berberecho.

Na enseada de Esteiro atópase a reserva integral do mesmo nome.



2.4.2. Descrición das artes de marisqueo:

Enténdese por arte de marisqueo todo aquel útil ou aparello que, utilizado dun xeito preciso e cunha técnica determinada, ten como fin último a captura de organismos acuáticos.

Na reserva de Cedeira, as artes utilizadas na extracción de bivalvos son as seguintes:

2.1 Sacho: utensilio formado por un mango de madeira, ou outro material, nun de cuxos extremos dispón dunha platina metálica plana, comunmente de forma triangular ou rectangular, que forma ángulo agudo co mango.

2.2 Angazo: consta dun mango de madeira ou similar que forma ángulo agudo cunha platina de madeira ou metal provista de dentes que non poderán exceder dos 10 cm de lonxitude.

2.3 Fouciña: consta dun curto mango de madeira rematado nunha peza metálica máis ou menos curva que facilita a escavación e o acceso aos moluscos infaunais.

Cómpre comentar que para a captura de longueirón e longueirón vello pode empregarse sal.

2.4.3. Medidas de xestión por especies

A continuación, detállanse o conxunto de normas específicas que regulan o marisqueo dentro do ámbito da Remip. Se ben, é preciso comentar que a xestión e explotación das especies marisqueiras desenvólvese ao abeiro dos plans de explotación aprobados. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; có fin de optimizar o esforzo marisqueiro ó tempo que se acada unha extracción sostible do recurso:

1. Condicións de acceso: estar en posesión do permiso de explotación para marisqueo a pé.

2. Número máximo de mariscadoras a pé: 31 (anexo II)

3. Arte autorizado: sacho, fouciña, angazo e o sal.

4. Horario de traballo: dende 2 horas e media antes ata 2 horas e media despois da baixamar diúrna, e ata as 18:00 horas.

5. Descanso semanal: os sábados, domingos e festivos (tanto locais como autonómicos e nacionais).

6. Accións de semicultivo, limpeza, vixilancias...: serán obrigatorios para todos os membros da agrupación de mariscadoras de Cedeira e computan para a renovación do permiso de explotación, sendo necesaria unha participación igual ou maior ao 95%.

2.4.3.1. Berberecho (*Cerastoderma edule*).

1. **Zona de traballo:** areal da praia da Magdalena de Cedeira e o areal da Enseada de Esteiro exceptuando a zona de Reserva Integral.

2. **Tamaño mínimo:** 28 mm, medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).

3. **Topes de captura autorizado:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

4. **Período de captura autorizado :** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

5. **Punto de Control:** Casa do pescador de Cedeira cando se traballe na praia da Magdalena e a lonxa de Cedeira para o resto das zonas de extracción.

2.4.3.2. Cadelucha (*Donax trunculus*)

1. **Zona de traballo:** areal da praia de Loira ou Vilarrube (plan específico para as zonas de libre marisqueo)

2. **Tamaño mínimo:** 35 mm medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).

3. **Topes de captura autorizados:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

4. **Período de captura autorizado :** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

5. **Punto de Control :** caseta sita en "Villa Herminia" en Vilarrube.

2.4.3.3. Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*)

1. **Zona de traballo:** enseada de Esteiro (exceptuando a reserva integral) e enseada de Pantín (plan explotación para as autorizacións marisqueiras)

2. **Tamaño mínimo:** 40 mm medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).

3. **Topes de captura autorizados:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

4. **Período de captura autorizado:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

5. **Punto de Control:** Lonxa de Cedeira.

2.4.3.4. Caramuxo ou bígaro (*Littorina littorea*).

1. **Zona de traballo:** Enseada de Esteiro (exceptuando a reserva integral) e Enseada de Pantín (plan explotación para as autorizacións marisqueiras).
2. **Tamaño mínimo :** 15 mm (AC) máxima altura da cuncha, medida desde o ápice ata o extremo distal dos labios da cuncha.
3. **Topes de captura autorizados:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.
4. **Período de captura autorizado :** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.
5. **Punto de Control:** Lonxa de Cedeira.

2.4.3.5. Longueirón vello (*Solen marginatus*) e longueirón (*Ensis siliqua*)


1. **Zona de traballo:** areal da praia da Magdalena de Cedeira (plan específico para as zonas de libre marisqueo) .
2. **Tamaño mínimo:** 80 mm e 100mm respectivamente, medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).
3. **Topes de captura autorizados:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.
4. **Período de captura autorizado:** de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.
5. **Punto de Control:** Casa do pescador de Cedeira.

2.5 Recursos específicos:

2.5.1.Descripción e análise das zonas de extracción:

O ámbito de extracción do percebe, esténdese fóra dos límites da reserva mariña de Cedeira.

O seguinte mapa amosa a distribución, segundo á abundancia de percebe na Remip "Ría de Cedeira".



2.5.2. Descrición das artes empregadas na extracción de recursos específicos.

Raspa ou rasqueta ("cacha"): utensilio adaptado para a extracción de percebe que consta dun mango recto de madeira unido a unha platina poligonal que terá unha base máxima de 5 cm.

2.5.3. Medidas de xestión por especies:

A continuación, detállanse o conxunto de normas específicas que regulan a extracción de recursos específicos dentro do ámbito da reserva. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ao tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

2.5.3.1. Percebe (*Pollicipes pollicipes*).

1. Condicións de acceso: embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo de percebe.

2. Número de embarcacións/habilitacións: 45/112 (anexo III). Este número poderá sufrir variacións no suposto de que, a través dos plans de explotación, se autorice a entrada de novas embarcacións ou a ampliación do número de habilitacións ou como resultado da renovación da modalidade de percebe no permiso da explotación.

3. Zona de traballo: todo o ámbito da reserva exceptuando a reserva integral e a ZEP I.

4. Tamaño mínimo: 15 mm (DBC) de diámetro maior da base do capítulo medido á altura das placas inferiores (dende a base do rostro ata a base da carena). Cando se presenten formando piñas, polo menos o 60% do peso da piña deberá estar constituído por exemplares que acaden o tamaño mínimo.

5. Horario de traballo: de luns a venres, dende dúas horas e media antes a dúas horas despois da baixamar diúrna, e ata as 18:00 horas como máximo.

6. Descanso semanal: fins de semana e festivos (autonómicos e nacionais).

7. Período de captura autorizado: de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

8. Tope de capturas: de acordo co establecido nos plans de explotación aprobados para o ano 2015.

9. Punto de Control: Lonxa de Cedeira.

2.6 Pesca de baixura:

2.6.1. Descrición e análise das zonas de extracción


Poderíamos delimitar as zonas de pesca artesanal dentro da reserva con base nas artes de pesca que se empregan nelas:

a) Zona de artes de enmalle e aparello de anzol: abrangue a zona comprendida entre o límite sur da ZEP-II-Boca da ría e a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

As artes empregadas nesta zona son o palangrillo, o palangre, a liña ou cordel e o trasmallo; as capturas céntranse, dependendo da época do ano, en especies como a xiba, a centola, a robaliza, o sargo e os peixes planos.

b) Zona de artes de nasas: abrangue toda a zona interna da ría, dende o límite sur da ZEP-II-Boca da ría ata o areal da Magdalena (exceptuando a zona portuaria e a Zanqueira) e polo extremo sur ata o límite da ZEP-I-Vilarrube. As artes empregadas son a nasa de polbo, nécora e camarón (especies obxecto desta pesqueira).

Así mesmo, poderase capturar patexo con nasa nécora e camarón tanto na zona exposta no parágrafo anterior como na zona habilitada para a captura de cangrexo como cebo no apartado de pesca de recreo (ver páxina 14).



2.6.2. Descrición das artes de pesca artesanal.

Na Remip "Ría de Cedeira" permítese a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas e enmalle, nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido neste plan.

A continuación descríbense as diferentes modalidades existentes de cada tipo así como as medidas de xestión adoptadas para cada pesqueira dentro do ámbito da reserva.

2.6.2.1 Artes de enmalle

TRASMALLOS: é unha arte fixa ao fondo que consta dunha ou varias pezas constituídas por tres panos, que se arman conxuntamente entre dúas trallas, cos sistemas adecuados para permanecer calados verticalmente. Os panos exteriores serán iguais entre si, e o pano interior, de malla de menor tamaño, poderá ser de maior extensión.

Características técnicas: A malla mínima dos panos exteriores, diagonalmente estendida será igual ou superior a 500 milímetros e a do pano central, igual ou superior a 100 milímetros.

A altura máxima da arte, entre trallas, será de 2,5 m e a lonxitude de cada unha das pezas non excederá de 50 m.

Nº pezas: 20 pezas por embarcación máis 10 pezas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 40 pezas.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da reserva exceptuando a ZEP-II- Boca da Ría e a zona interior (de augas continentais) delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

Período autorizado: dependente da especie obxectivo.

Horario de uso: Cada 24 horas deberán ser levantados do seu calamento.

Descanso semanal: non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende as 12:00 horas do venres ata as 10:00 h do domingo.

O aumento do tamaño da malla mínima dos panos exteriores e interiores do trasmallo con respecto ao indicado no Decreto 15/2011, xunto co aumento da tamaño mínimo das principais especies obxectivo; caso xiba (pasa de 8 cm a 12 cm de tamaño mínimo), centola (pasa de 12 a 14 cm de tamaño mínimo) e a acedía (pasa de 15 a 20 cm) así como o establecemento dunha porcentaxe para as especies accesorias (20% en peso vivo total das capturas retidas a bordo) fundamentou a modificación do horario de uso desta arte, así como o número de pezas.

2.6.2.1.1. Medidas de xestión das principais especies capturadas con esta arte

As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ó tempo que se acada unha extracción sustentable do recurso.

No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.

Condicións de acceso: embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa modalidade de trasmallos incluída no seu permiso de explotación. (anexo I)

Arte autorizada: trasmallo.

Excepcionalmente, a Secretaría Xeral do Mar, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1.5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1.5 GT.

Especies accesorias: todas aquelas non definidas para esta arte como especies obxectivo. Permítese a captura do 20% en peso vivo total das capturas retidas a bordo sempre que non estean en veda e cumbran co tamaño mínimo establecido.

Especies obxectivo: centola, xiba ou choco e raia.

2.6.2.1.1.1. Centola (*Maja squinado*).

Tamaño mínimo: 14 cm de lonxitude de cefalotórax (LCT) medida sobre a liña mediana que vai entre ambos rostra ata o borde posterior do cefalotórax

Tope de capturas: 35 Kg por embarcación/día máis 35 Kg por tripulante debidamente enrolado e a bordo/día

Período de captura autorizado: Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas que deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da excepción anterior as femias ovadas da cigala, o cangrexo real, o camarón e o percebe.

2.6.2.1.1.2. Xiba ou choco (*Sepia officinalis*)

Tamaño mínimo: 12 cm. Lonxitude dorsal do manto (LDM).

Tope de capturas: non se establece

Período de captura autorizado: Do 2 de xaneiro ao 29 de maio, e do 1 ó 31 de decembro.

2.6.2.1.1.3. Raia (*Raja spp.*)

Tamaño mínimo: 40 cm desde a punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT) cando se presenten enteiras ou 500 g cando só se presentan as ás .

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano .

Esta pesqueira está supeditada ao disposto na normativa comunitaria sobre as variedades destas especies que estean prohibidas e que se publican nos regulamentos de TAC e cotas a principios de ano.

2.6.2.1.1.4. Peixes planos: Rodaballo (*Psetta maxima*), linguado (*Solea spp*), acedía (*Dicologlossa cuneata*), solla (*Platichthys flesus*) e sollo ou curuxo (*Scophthalmus rhombus*)

Tamaños mínimos: Medirase dende a punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT)

Rodaballo (<i>Psetta maxima</i>)	30 cm	Solla (<i>Platichthys flesus</i>)	25 cm
Linguado (<i>Solea spp</i>)	24 cm	Sollo ou curuxo(<i>Scophthalmus rhombus</i>)	30 cm
Acedía (<i>Dicologlossa cuneata</i>)	20 cm		

Tope de capturas: non se establece.

Período de captura autorizado: todo o ano.

2.6.2.1.1.5 Peixes de rocha: Maragota ou pinto(*Labrus bergylta*), sargo (*Diplodus spp*), escarpote e cabracho (*Scorpaena spp*) e robaliza (*Dicentrarchus labrax*)

Tamaños mínimos:

Maragota ou pinto (<i>Labrus bergylta</i>)	22 cm	Escarpote e cabracho (<i>Scorpaena spp.</i>)	18 cm
Robaliza (<i>Dicentrarchus labrax</i>)	36 cm	Sargo (<i>Diplodus spp</i>)	22 cm

Tope de capturas: non se establece

Período de captura autorizado: todo o ano.

2.6.2.2. Artes de anzol

LIÑA OU CORDEL: Está formada por un longo fío (xeralmente de tanza) e un número variable de anzois adaptados á especie obxecto de captura, que actúan normalmente ligados á man do pescador e armada cun chumbo.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da Remip exceptuando a reserva integral e as ZEP I e II e a zona interior de augas continentais que delimita a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira có cumio do monte Burneira .

Período autorizado: todo o ano.

Horario de uso: diúrno, dende o orto ata o ocaso, durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal dende as 24:00 horas do venres ata as 24:00 horas do domingo.

PALANGRILLO: Está constituído por unha tralla denominada madre, de lonxitude variable, da que parten outros cabos máis finos denominados brazoladas aos que se empatan os anzois.

Nº anzois : 1.000 como máximo; a lonxitude máxima total do palangrillo será de 3.000 m cunha distancia mínima entre brazoladas de 1 metro.

Zonas autorizadas: todo o ámbito da Remip exceptuando a reserva integral e as ZEP I e II e a zona interior de augas continentais que delimita a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira có cumio do monte Burneira .

Período autorizado: todo o ano.

Horario de uso: desde as 16:00 horas do domingo ata as 16:00 horas do venres.

Descanso semanal: deben cesar na súa actividade dende as 16:00 h do venres ata as 16:00 h do domingo. Nestas 48 horas as artes deberán ser levantadas do seu calado e levadas a porto.

Especies accesorias: todas aquelas non definidas para este arte como especies obxectivo. Permítese a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

2.6.2.2.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con esta arte

Condicións de acceso: as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte do palangrillo e/ou liña ou cordel no seu permiso de explotación. (anexo I)

Arte autorizada: liña ou cordel e palangrillo .

2.6.2.2.1.1. Congro (*Conger conger*)

Tamaño mínimo: 100 cm

Tope de capturas: non se establece

Período de captura autorizado: todo o ano

2.6.2.2.1.2. Peixes planos: ver páxina 25

2.6.2.2.1.3. Peixes de rocha: ver páxina 25

2.6.2.3. ARTE DE NASAS

Son artes pasivas e fixas ó fondo constituídas en forma de cestos ou gaiolas de diversos materiais ríxidos ou semiríxidos que normalmente se recobren de rede. Están provistas dunha ou máis aberturas que permiten a entrada das diferentes especies ao habitáculo atraídas polo engado que se coloca no seu interior. As nasas serán largadas de forma que constitúan caceas, nas que cada nasa se une a unha tralla e esta á súa vez ao cabo madre. A súa clasificación baséase na especie obxectivo da pesqueira cara á que se dirixen .

Na época de veda das especies cara ás cales se orienta a captura principal das nasas, estas deberán ser levantadas e transportadas a terra, permanecendo almacenadas nos lugares destinados a este fin.

NASA DE NÉCORA E DE CAMARÓN: é unha nasa pechada de forma cilíndrica ou poliédrica, que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude máxima : 550 mm
- Altura máxima: 350 mm
- Boca de entrada (no seu diámetro maior): 160 mm. Durante a veda da nécora a boca non poderá exceder de 50 mm.
- Cando estea recuberta dun material ríxido, os cadrados do entramado non terán menos de 10 mm de lado; e cando estea recuberta de rede, a malla non será inferior a 16 mm

Nº nasas por embarcación: 90 nasas

Zona autorizada: dende o límite sur da ZEP j-II Boca da ría ata o areal da Magdalena cara ao leste (exceptuando a zona portuaria e a Zaqueira) e polo extremo sur ata o límite da ZEP-I-Vilarrube.

Así mesmo, poderase capturar patexo con nasa nécora e camarón tanto na zona exposta no parágrafo anterior como na zona habilitada para a captura de cangrexo como cebo no apartado de pesca de recreo (ver páxina 14).

Período autorizado: depende da especie obxectivo.

Horario de uso: nocturno; dende dúas horas antes do ocaso do luns ata dúas horas despois do orto do sábado, tendo que ser levantadas e levadas a terra diariamente.

Descanso semanal: non se poderán calar nin permanecer no mar as fins de semana a partir de 2 horas antes do orto do sábado ata dúas horas antes do ocaso do luns.

NASA POLBO: é unha nasa aberta na súa superficie superior, de forma cadrada ou rectangular que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude: 400 mm
- Altura ou diámetro: 350 mm
- As mallas ou claros non serán inferiores a 20 mm de lado do cadrado.

Nº nasas por embarcación : 90 nasas

Zona autorizada: todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEPI, a ZEP II, a zona portuaria e a Zaqueira .

Período autorizado: Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Horario de uso: diúrno; a actividade iniciarase ás 06.00 h e finalizará ás 16:00 h, de luns a venres, podendo quedar caladas no mar diariamente.

Enténdese por inicio da actividade o momento da saída do porto. Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasas para polbo.

Descanso semanal: dende as 16:00 h do venres ata as 06:00 h do luns, podendo quedar caladas no mar durante a fin de semana.

2.6.2.3.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con esta arte:

As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ó tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.

Condições de acceso: embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de nasa nécora e camarón (para captura de nécora, camarón e/ou patexo) ou nasa de polbo, (para a captura do polbo) incluída no seu permiso de explotación (anexo I)

Arte autorizada: nasa nécora e camarón ou nasa de polbo aberta.

Excepcionalmente, a Secretaría Xeral do Mar, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1.5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1.5 GT.

2.6.2.3.1.1. Nécora (*Necora puber*)

Tamaño mínimo: 6 cm de lonxitude do cefalotórax (LCT), sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax.

Tope de capturas: 8 kg por tripulante, debidamente enrolado e a bordo/día, máis 8 kg por embarcación/día.

Períodos de captura autorizados: do 2 ó 5 de xaneiro, do 23 de marzo ao 1 de abril e do 1 de xullo ao 31 de decembro.

O período de 10 xornadas de pesca a finais de marzo xustifícase por ser o período previo á Semana Santa, no que o prezo da nécora ascende, este aumento da mortalidade por pesca dentro da Remip queda compensado pola existencia dun tope de capturas (tamén para as especies accesorias) e un tamaño mínimo superior ao establecido na normativa xeral.

Especies accesorias:

- polbo: permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda;
- patexo: permítese un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva.

No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas que deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da excepción anterior as femias ovadas da cigala, o cangrexo real, o camarón e o percebe.

2.6.2.3.1.2. Camarón (*Palaemon serratus*)

Tamaño mínimo: 5 cm de lonxitude total, medida dende o extremo distal do rostrum ata o extremo posterior do telson; excluindo as "setae" (LT)

Tope de capturas : Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Período de captura autorizado: Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Especies accesorias:

- polbo: permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda;
- patexo: permítese un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estea en veda.

2.6.2.3.1.3 Patexo (*Polybius henslowii*)

Número de nasas : Coincidente co aprobado para o ano 2015 no plan de pesca de patexo da Comunidade Autónoma de Galicia. De non existir, dito plan, o número máximo de nasas que diariamente poderán ser caladas por embarcación dependerán da arte á que se adican:

- Liña e cordel : ata un máximo de 10 nasas
- Palangrillo : ata un máximo de 20 nasas
- Palangre de fondo : ata un máximo de 40 nasas

Tamaño mínimo: 3.5 cm, lonxitude do cefalotórax medido no seu eixo anteroposterior: (LCT) medida sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax.

Tope de capturas: non se establece

Período de captura autorizado: todo o ano.

Especies accesorias: non hai especies accesorias a esta pesqueira

2.6.2.3.1.4 Polbo (*Octopus vulgaris*)

Tamaño mínimo: 1,5 kg

Tope de capturas: coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Período de captura autorizado: coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

Especies accesorias: permítese a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumbran co tamaño mínimo establecido.

Como especies accesorias poden aparecer fundamentalmente a nécora e o camarón.

2.6.3. Calendario de uso das artes de pesca permitidas.

ARTE	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC
NASA NECORA-CAMARON	*		*									
NASA POLBO												
PALANGRILLO												
LIÑA OU CORDEL												
TRASMALLOS												

* : permitida a captura de nécora e camarón do 2 ó 5 de xaneiro e do 23 de marzo ao 1 de abril.

	Período de pesca permitido .
	Período de pesca permitido : dependente da especie obxectivo
	Período de pesca permitido : coincidente co establecido para Galicia

2.6.4. Resumo das medidas de xestión para os recursos pesqueiros na Remip “ Ría de Cedeira “ .

ESPECIE	Período autorizado de extracción	Topes de captura	Tamaño mínimo
NECORA	2 ao 5 de xaneiro , do 23 de marzo ao 1 de abril e de xullo a decembro	8Kg /tripulante/día máis 8Kg por embarcación	6 cm*
CENTOLA	Coincidente co establecido para toda Galicia	35Kg /tripulante/día máis 35Kg por embarcación	14 cm*
CAMARÓN	2 ao 5 de xaneiro , do 23 de marzo ao 1 de abril e de xullo a decembro	Sen topes	5 cm
POLBO	Coincidente co establecido para toda Galicia	Coincidente co establecido para toda Galicia	1,5 Kg*
XIBA	Desde xaneiro ata maio e decembro	Sen topes	12 cm*
RODABALLO	Todo o ano	Sen topes	30 cm
LINGUADO	Todo o ano	Sen topes	24 cm
ACEDIA	Todo o ano	Sen topes	20 cm*
SOLLA	Todo o ano	Sen topes	25 cm
SOLLO	Todo o ano	Sen topes	30 cm
ROBALIZA	Todo o ano	Sen topes	36 cm
MARAGOTA	Todo o ano	Sen topes	22 cm*
SARGO	Todo o ano	Sen topes	22 cm
ESCARAPOTE	Todo o ano	Sen topes	18 cm
CABRACHO	Todo o ano	Sen topes	18 cm
RAIA	Todo o ano	Sen topes	40 cm
PATEXO	Todo o ano	Sen topes	3.5 cm
CONGRIO	Todo o ano	Sen topes	100 cm*

* tallas superiores ás establecidas pola normativa vixente .

2.7 Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da Remip.

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 8 que para levar a cabo todas e cada unha das diferentes actividades pesqueiras e marisqueiras que se practican no ámbito da Remip, os titulares dos diferentes permisos que habilitan para tal fin, teñen que estar inscritos nun censo específico.

Este censo poderase actualizar seguindo o procedemento descrito nos puntos 1 e 2 do artigo 3 da Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira"; e terase en conta como criterio de selección, ademais da pertenza a portos base máis próximos ao ámbito xeográfico da reserva mariña, no caso de embarcacións, a habitualidade e as capturas realizadas no ámbito da mesma dos titulares que xa estivesen incluídos, de conformidade có disposto no artigo 9 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro.

O lento proceso de actualización do censo fai que se produza un estancamento tanto de funcionalidade na área mariña como de axilidade da estrutura administrativa xa que, no caso de embarcacións que se incorporen ós plans de recursos específicos e/ou persoas que se incorporen ao plan de marisqueo, así como aquelas embarcacións de máis de 1.5 GT que sexan autorizadas para a pesca do patexo e aquelas embarcacións que tendo porto base no ámbito territorial da Remip "Ría de Cedeira" e cumpran os requisitos para faenar dentro da mesma, non poderán realizar a actividade dentro da reserva mariña ata que a actualización de dito censo se faga efectiva.

Dado que no PXI se recolle as incorporacións autorizadas para cada ano, os anexos de dito plan actualízanse ano tras ano incluíndo as anteditas incorporacións. No caso dos recursos específicos e o marisqueo a pé a incorporación realizarase trala publicación da resolución da Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural e Mar na Coruña, polo que se fai pública a relación dos seleccionados para a obtención do permiso de explotación na modalidade que corresponda.

No anexo I deste documento achégase a información relativa ás modalidades de pesca coas que están autorizadas a faenar dentro da Remip cada embarcación.

3.. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA

3.1. O seguimento científico

O seguimento científico é fundamental para avaliar o estado dos recursos e dos medios físicos e biolóxicos que o sustentan, así como a incidencia e interaccións con eles das actividades que se realizan no obxecto de estudo. Deste xeito, podemos dicir que o seguimento científico é unha parte fundamental da caracterización dunha Remip en todas as súas fases: deseño, creación e conservación ou mantemento. Deste modo, pódense reorientar as actividades e mellorar as propostas de actuación.

Inicialmente, no período comprendido entre o 2007 e o 2010 (ambos incluídos), contouse cun equipo técnico da empresa Fismare S.L., empresa spin-off do grupo de Recursos

Mariños da UDC, que traballou en colaboración coa coordinación da Remip "Ría de Cedeira".

Posteriormente, no ano 2011 tomou o relevo o Centro de Investigacións Mariñas (Cima) dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da Remip "Ría de Cedeira" establece, no punto un do artigo 8º que será a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a encargada de elaborar un programa de seguimento científico da reserva mariña, coa finalidade de coñecer a súa evolución e os resultados obtidos.

Actualmente, posto que na confraría de Cedeira, desde o ano 2012 ata a actualidade, non temos novas da existencia deste programa, é a Asistencia Técnica da mesma a encargada de que a continuidade no seguimento científico da zona protexida se leve a cabo; realizando unha serie de medicións ou análises (sobre todo no que a monitorización pesqueira e marisqueira se refire) e seguindo os protocolos de actuación que a continuación se describen:

A) Monitorización pesqueira:

1. Rexistro da actividade das embarcacións que operan dentro da reserva: esporadicamente se recollen unha serie de datos sobre a actividade pesqueira de cada embarcación que faena dentro da reserva. Os datos recollidos son:

- Embarcación: nome, características técnicas, nº de tripulantes.
- Artes: arte empregada, nº de lances, nº de panos ou nasas por lance, lonxitude dos panos do lance...
- Capturas: especies, peso....

2. Estudio da estrutura de talla das principais especies obxectivo da reserva . Esporadicamente, na lonxa de Cedeira, mídense, pénsanse e sé é o caso séxanse todos os individuos comerciais das especies capturadas polas embarcacións que faenan dentro da reserva.

B) Monitorización marisqueira :

1. Avaliación dos bancos marisqueiros antes e despois de cada campaña de extracción. Ao comezo e ao remate das campañas de extracción dos diferentes recursos explotados dos bancos marisqueiros da reserva, a asistencia técnica realiza unha mostraxe de avaliación da situación dos bancos. Dependendo do areal do que se trate, ben mediante transectos ou ben con calicatas distribuídas ó longo do banco, recóllense exemplares das diferentes especies existentes obxecto que son medidos e pesados.

2. Estudio da estrutura de tallas das especies presentes nos bancos marisqueiros: mensualmente se realizan medidas de talla dos individuos comerciais recollidos polas mariscadoras para a súa comercialización.

Semestralmente elabóranse informes técnicos cós resultados obtidos da análise da información recompilada previamente, incluíndo neles suxestións sobre melloras e recomendacións para un bo funcionamento da reserva mariña. Cada informe leva os seguintes epígrafes:

A) Monitorización pesqueira :

- Evolución das capturas da frota que opera dentro da reserva.
- Análise das principais especies explotadas na reserva.
- Análise da estrutura de tallas das especies.

B) Monitorización marisqueira :

- Evolución dos recursos extraídos dos bancos marisqueiros.
- Análise da estrutura de tallas das especies.
- Avaliación dos bancos marisqueiros entre campañas de extracción.

Os informes son remitidos ao Oxesco da reserva mariña para axudar a avaliar o estado das diferentes pesqueiras da reserva e o propio “efecto reserva” cá presenza de tamaños maiores dos individuos ou o aumento da biomasa de stocks explotados.

O seguimento dun protocolo de actuación adecuado permitirá a avaliación continua de todos os parámetros que interveñen na xestión sostible da reserva mariña “Ría de Cedeira”.

No **anexo VI** amósanse as gráficas máis relevantes das principais pesqueiras do ámbito territorial da Remip “Ría de Cedeira” que á súa vez son base do propio PXI.

A confraría de pescadores de Cedeira colabora co departamento de Recursos Mariños e Pesqueiras da UDC na realización de diferentes estudos científicos tanto na Remip como nos límites da mesma co fin de observar o “efecto reserva”.

3.2. As medidas de control na reserva.

3.2.1.O CONTROL DAS ENTRADAS E SAIDAS.

Aínda que a maioría das actividades profesionais permitidas na reserva realízanse, para unha mesma xornada de traballo, dentro do seus límites, existen algunhas como a recollida de percebe e ourizo, ao igual que a pesca recreativa, que poden alternar a extracción de recursos en zonas dentro e fóra dos límites da reserva nunha mesma xornada.

Por esta razón, e para ter constancia do esforzo pesqueiro real que se está a exercer dentro da reserva, establécese un protocolo de control de entrada e saída da reserva para estas embarcacións.

Para facilitar as labores do seguimento científico e o control da actividade pesqueira, os armadores das embarcacións que se dispoñan a entrar ou saír do ámbito da reserva

mariña, teñen que comunicar (por VHF ou por teléfono) co servizo de vixilancia ou coa coordinación da reserva e facilitarlles os seguintes datos:

- Nome da embarcación.
- Hora de entrada ou saída.
- De ser o caso, capturas efectuadas ata ese momento.
- De ser o caso, número de artes que deixan caladas e posición destas.

3.2.2.O CONTROL DAS DESCARGAS

O elemento clave do seguimento dos desembarques é a existencia dun punto de control para a recompilación dos datos reais sobre o estado dos diferentes recursos, ao tempo que se verifica o cumprimento das medidas de xestión vixentes na reserva, tanto as establecidas polo Oxesco como, na súa ausencia, as marcadas polas normas xerais: control de tallas, pesos, topes establecidos, descartes, exemplares ovados, etc.

O punto de control tamén é fundamental para o traballo do persoal asignado ao seguimento científico á hora de obter datos da actividade pesqueira dentro da reserva (número de caceas e lances, zonas de largado, tallas, pesos,...).

Toda a información, unha vez recompilada e analizada, servirá de base aos informes técnicos, e permitirá coñecer e valorar a eficacia das medidas de ordenación e xestión, propoñer modificacións ou a aplicación de novas normas á hora de acadar unha maior sustentabilidade da actividade extractiva e a recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

NOTA : nos informes do seguimento científico non figurará información de xeito nominal, polo que non se incluírán nomes nin de embarcacións nin de mariscadoras.

3.2.3.O PROTOCOLO DO PUNTO DE CONTROL

Como parte fundamental do funcionamento da Remip "Ría de Cedeira", é obrigatorio que todas as capturas realizadas dentro dos seus límites sexan declaradas no momento da súa descarga, independentemente do lugar onde se vaia realizar a súa venda. Para isto, establécense tres puntos de control das descargas:

1 A Casa do Pescador de Cedeira: punto de control para o berberecho extraído da praia da Magdalena.

2 A caseta sita en "Vila Herminia" en Vilarrube: punto de control da cadelucha extraída na praia de Vilarrube.

3 A lonxa do peirao de Cedeira: punto de control para o resto de pesqueiras da reserva.

Nestes 3 puntos tanto o persoal encargado do control e vixilancia dos bancos marisqueiros segundo convenio suscrito coa Consellería do Medio Rural e do Mar como a persoa encargada do seguimento científico, comprobaban os topes, as tallas, o peso, nº de

exemplares, etc. có fin de acadar un rexistro diario fiable da produtividade do espazo protexido.

Ademais do exposto anteriormente, todas as embarcacións do censo estarán sometidas a controis esporádicos e aleatorios no mar, tanto por parte do servizo de vixilancia da reserva como pola subdirección xeral de Gardacostas de Galicia.

3.3. A vixilancia na reserva: dotación e funcións.

Á espera do que aconteza nos próximos meses, e tendo en conta os fondos que a Unión Europea ten asignados ós espazos protexidos, cabe dicir que a dotación específica da Remip "Ría de Cedeira" como tal a día de hoxe é inexistente reducíndose as posibilidades de vixilancia a unha subvención solicitada ó abeiro da Orde do 20 de xuño de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2014 en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEP, para a xestión das zonas de produción, conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños que permitan mellorar as condicións de vida de traballo das persoas que se adican a esta actividade e que contribúan a conservación do medio mariño e as súas especies; da cal non temos resolución.

O equipo de vixilancia da Remip "Ría de Cedeira", na actualidade, está formado por dous gardapescas,(organizados en quendas diúrnas e nocturnas que se adican exclusivamente á vixilancia dos areais de Vilarrube e a Magdalena así como das Enseadas de Esteiro e Pantín) e un patrón da lancha.

Para levar a cabo o seu traballo contan cunha lancha de vixilancia cedida á confraría de Cedeira pola Consellería do Medio Rural e do Mar e un vehículo.

O equipo de vixilancia ten encomendadas as seguintes funcións:

- Verificar, no punto de control, as capturas das embarcacións profesionais e mariscadoras que traballan dentro da reserva.
- Controlar o furtivismo, establecendo un estrito orden de prioridades atendendo á necesidade dunha maior protección das zonas máis accesibles.
- Realizar controis aleatorios no mar ás diferentes embarcacións.
- Colaborar coa subdirección xeral de Gardacostas de Galicia e os corpos e forzas de seguridade da Comunidade Autónoma e do Estado, en calidade de axentes auxiliares da autoridade, así como utilizar os dispositivos de alarma establecidos.
- Intervir, de acordo á lexislación vixente, nos casos de sinistros e accidentes en xeral no mar. E, de igual xeito, dar aviso da aparición de verteduras que poidan representar un risco para o medio mariño.